

REGULAMENTO MUNICIPAL DE CERIMONIAS CIVÍS QUE SOLICITEN OS VECIÑOS E VECIÑAS DO MUNICIPIO DE VILA DE CRUCES.

Os Concellos, como entidades públicas que son, deben satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, en exercicio dos lexítimos dereitos que lles asisten. Polo tanto, adoptaranse as medidas legislativas, administrativas e de toda índole que sexan necesarias para asegurar que os dereitos e liberdades recoñecidos aos individuos na Declaración de dereitos humanos e na nosa CE sexan efectivos, sen máis limitacións que as que se impoñan de conformidade coas obrigas e compromisos internacionais aplicables e as que determine a lei; así como garantir o debido recoñecemento e respecto dos dereitos e liberdades alleos e responder ás xustas esixencias da moral, da orde pública e do benestar xeral dunha sociedade democrática.

O Concello de Vila de Cruces consciente dos dereitos e liberdades dos individuos recoñecida na Declaración universal de Dereitos Humanos de 1948, e na CE nos seus artigos 10,14 e 16, en cumprimento do mandato constitucional a todos os poderes públicos de preservar os dereitos dos cidadán/as, considera que unha das vías adecuadas para a formación da cidadanía activa é potenciar a conciencia de pertenza ao municipio de Vila de Cruces e, polo tanto, á súa cidadanía.

Para difundir os valores cívicos de solidariedade, respecto aos demais, a corresponsabilidade e cohesión social e pertenza a unha comunidade, é conveniente dar relevancia aos momentos máis importantes da vida dos cidadán/as:

- O seu nacemento, que comporta a chegada e a súa incorporación á comunidade da que vai ser membro, e un conxunto de dereitos e obrigas que como cidadán/a correspóndenlle.
- Os compromisos sociais que asuma a través de actos ou cambio de estado, o que supón a asunción doutras obrigas e o goce doutros dereitos propios do novo estado.
- Finalmente, en última fase da vida, o recoñecemento e despedida da comunidade.

En consecuencia, o Concello ten a intención de brindar aos veciño/as de Vila de Cruces un novo servizo de celebración de cerimonia civil co obxectivo dobre:

- Educar e concienciar aos cidadáns/as da súa pertenza á sociedade civil e a súa participación activa na sociedade.
- Posibilitar, dentro da pluralidade e a tolerancia, a celebración de cerimonia civil aos seus cidadáns/as que estes consideren oportunas.

O novo servizo comprende a organización e a cesión do espazo adecuado para iso.

É competencia municipal a aprobación da normativa que considere necesaria para a prestación de actividades, e/ou servizos para a utilización das dependencias municipais, en virtude da súa competencia regulamentaria recoñecida no artigo 4.1.a da Lei de Bases de Réxime Local.

É por iso que, en exercicio da súa competencia, o Concello de Vila de Cruces ten a pretensión de regular o cerimonial e procedemento necesario para a celebración das



cerimonias civís que soliciten os cidadán/as, e para posibilitar a constancia do compromiso público coa sociedade e, no seu caso, no ámbito familiar. Estas cerimonias son compatibles e independentes das cerimonias relixiosas.

E para a consecución dos obxectivos perseguidos, aprobar un texto único que recolla de maneira sinxela todos estes extremos, non só co obxecto de articular a organización interna da cerimonias civís de matrimonios, acollemento cívico e exequias ou despedida da comunidade, senón tamén para establecer claramente o lugar que corresponde segundo o protocolo e cerimonial municipal ás persoas asistentes a estes actos, así como establecer as posibles dependencias municipais e a regulación do seu uso con esta finalidade.

I.-DISPOSICIÓNS XERAIS

1. Obxecto.—O presente Regulamento ten por obxecto regular o protocolo e procedemento necesario para a celebración das cerimonias civís que soliciten os cidadán/as, para posibilitar a constancia do seu compromiso público como cidadán/a coa comunidade á que pertence e no seu ámbito familiar.

2. Finalidade.—En cumprimento das obrigas que como ente público corresponden ao Concello de Vila de Cruces as finalidades do presente regulamento son:

- a. Educar ao cidadán/a nos valores da ética civil: a dignidade, a liberdade, a igualdade, a solidariedade, a tolerancia e a participación, a democracia e a paz.
- b. Crear sentimentos de pertenza á comunidade de Vila de Cruces, dos valores locais e dos valores da humanidade
- c. Potenciar as boas prácticas destes valores para que o cidadán/a viva con dignidade.
- d. Recoñecer o dereito dos cidadán/as a unha cerimonia civil baseada nunhas normas de conductas democráticas e tolerantes.
- e. Defender o exercicio dos dereitos e as liberdades dos cidadán/as en xeral, sexan cales sexan as súas conviccións, sempre que estas sexan respectuosas coas persoas e cos seus dereitos.
- f. Colaborar, participar e ofrecer a posibilidade, cos medios ao alcance do Concello, de efectuar celebracións nun entorno digno para os actos civís máis importantes da vida social dos cidadán/as para a manifestación pública e constancia dos seus compromisos e obrigas civís no ámbito familiar e social e como expresión da súa liberdade.

3. Contido.—Regular o dereito dos cidadán/as a solicitar do Concello de Vila de Cruces a súa colaboración para xestionar, organizar, participar así como o réxime de cesión do uso das dependencias municipais, para a celebración de cerimonias civís de acollemento e de compromiso cidadán/a , as exequias e despedida da comunidade, así como a celebración de matrimonios civís. Regular o protocolo e cerimonial e documentación específico de cada un deles.

II.—DAS CERIMONIAS CIVÍS



Para o cumprimento das finalidades deste regulamento, as cerimonia civís que se celebren polo Concello e serán obxecto de anotación nos libros correspondente son:

- a. Acollida cidadá.
- b. Compromiso cidadán.
- c. Matrimonios civís.
- d. Exequias e despedida da comunidade.

As cerimonia civís esixen un marco adecuado de acordo coa dignidade do acto, así como un cerimonial e protocolo adecuado para a súa finalidade.

II.1.—ACOLLIDA CIDADÁ.

É a acollida cidadá o Concello en acto publico, a petición dos pais e nais, e en representación da comunidade de veciño/as, dár a benvida e acoller na comunidade ao novo cidadán/a para outorgarlle este carácter e recoñecer o seu dereito ao goce dos dereitos recoñecidos na Declaración universal dos Dereitos do Neno/a, Declaración universal de dereitos humanos e na Constitución Española.

Requisitos: É requisito para poder optar á celebración desta cerimonia que o/a acollido/a estea empadroadado/a en Vila de Cruces e sexa menor de 18 anos.

Procedemento de solicitude: Solicitude dirixida á alcaldía, no que conste os datos do/a recentemente nado ou menor, e dos seus pais/nais ou titores/titoras e testemuña/as, así como o local polo que se opta. Deberá presentarse cunha antelación mínima de 1 mes á data de celebración proposta.

Órgano competente e prazo: a alcaldía ,órgano competente, poderá delegar a realización do acto nun concelleiro/a e resolverá no prazo máximo de 15 días. Concedida a autorización, cordinarase a organización do acto.

Documentación:

1. Solicitude dirixida á alcaldía, no que conste os datos do/a recentemente nado ou menor, e dos seus pais/nais ou titores/titoras, así como o local polo que se opta.
2. Certificado de nacemento.
3. Libro de familia.
4. Certificado de empadramento (Este documento incluírase no expediente polo Concello).
5. Xustificante de ter aboado as taxas correspondentes.

II.2.—COMPROMISO CIDADÁN.

É a exteriorización pública e/ou renovación por parte do/a cidadán/a, maior de idade do compromiso de participar e contribuír e potenciar as boas prácticas cidadás e nos valores da ética civil: sentimentos de pertenza, valores locais e valores da humanidade como a dignidade, a liberdade, a igualdade, a solidariedade, a tolerancia e a articipación, a democracia e a paz.

Os/As cidadáns poderán efectuar a manifestación do seu compromiso cos valores democráticos con motivo da súa incorporación á comunidade de Vila de Cruces, procedente



doutro municipio ou país.

Requisitos: Ser veciño/a de Vila de Cruces. Ser maior de 18 anos.

Procedemento de solicitude: Solicitude dirixida á alcaldía, no que conste os datos do solicitante, así como o local polo que se opta. Deberá presentarse cunha antelación mínima de 1 mes á data de celebración proposta.

Órgano competente e prazo: A alcaldía, órgano competente, poderá delegar a realización do acto nun concelleiro/a e resolverá no prazo máximo de 15 días. Concedida a autorización, cordinarase a organización do acto.

Documentación:

1. Solicitude dirixida á alcaldía, no que conste os datos, así como o local polo que se opta.
2. Certificado de empadramento (Este documento incluírase no expediente por o Concello) Caso que o petionario/a sexa doutro país, achegará ademais o documento acreditativo da residencia legal en España (NIE).
3. Xustificante de ter aboado as taxas correspondentes.

II.3.—CERIMONIA DE MATRIMONIO CIVIL.

A cerimonia de matrimonio civil, supón a celebración, a petición dos contraentes, dunha cerimonia civil, previa a tramitación e obtención ante o Xulgado, da autorización necesaria e a delegación en alcaldía para a celebración do acto.

Os/As cidadáns/as poderán renovar os seus compromisos ou manifestacións cidadás mediante a celebración de actos complementarios ou de renovación dos efectuados anteriormente con motivo de aniversarios de cerimonias de matrimonio, para renovación do seu compromiso e constancia na sociedade.

Requisitos: Autorización do Xulgado. Expediente matrimonial que realiza o Xulgado, e que tramitan as persoas interesadas no Xulgado.

Procedemento de solicitude: Solicitude dirixida á alcaldía, no que conste os datos do solicitante, así como o local polo que se opta. No caso de renovación do compromiso, estar inscrito no rexistro de cerimonias civís, e compromiso ou manifestación que desexen renovar os cidadáns de Vila de Cruces. Deberá presentarse cunha antelación mínima de 1 mes á data de celebración proposta.

Órgano competente e prazo: A alcaldía, órgano competente, poderá delegar a realización do acto nun concelleiro/a e resolverá no prazo máximo de 15 días. Concedida a autorización, cordinarase a organización do acto.

Documentación:

1. Solicitude dirixida á alcaldía, no que conste os datos, así como o local polo que se opta.
2. Expediente matrimonial que realiza o Xulgado. Tramitación efectuada no xulgado, e delegación á alcaldía para a celebración do acto.
3. Fotocopia dos DNI das persoas que van contraer matrimonio.
4. Nome das testemuñas maiores de idade que han de intervir no acto xunto con fotocopia dos DNI dos mesmos.
5. Xustificante de ter aboado a taxa correspondente.

II.4.—DESPEDIDA CIVIL



É a exteriorización pública da despedida dun/ha cidadán/a da comunidade á que pertence no momento do seu falecemento, e para honrar o seu recordo.

Na despedida cidadá o Concello en acto público, a petición dos familiares, e en representación da comunidade de veciño/as, dá a despedida da comunidade ao cidadán/a.

Requisito: Veciño/a de Vila de Cruces.

Procedemento de solicitude: Solicitude dirixida á alcaldía, no que consten os datos do/a finado/a, así como o local polo que se opta.

Dado o seu carácter de independente dos funerais e exequias poderá solicitarse polos familiares do defunto con carácter previo ou posterior á inhumación ou cremación.

Deberá presentarse cunha antelación mínima necesaria para a súa organización para a data de celebración proposta.

Órgano competente e prazo: A alcaldía, órgano competente, poderá delegar a realización do acto nun concelleiro/a; e resolverá nun prazo máximo de 12 horas.

Documentación:

1. Solicitude dirixida á alcaldía en modelo tipo anexo, no que conste os datos do finado, así como o local polo que se opta. Carácter público ou reservado da cerimonia. 2. Certificado de defunción.
3. Xustificante de ter aboado a taxa correspondente.

III.—REGRAS XERAIS DE ORGANIZACIÓN DAS CERIMONIAS CIVÍS

1. Conforme á tradición e ás disposicións normativas de aplicación, o Concello de Vila de Cruces participará, organizará e autorizará cerimonias civís, e a súa posterior inscrición no Rexistro de Cerimonias civís.

O matrimonio civil réxese pola súa normativa específica. Os restantes actos rexeranse polo disposto no presente regulamento e a vontade dos/as cidadáns/as intervinientes.

2. Carácter do acto: As cerimonias poderán celebrarse con carácter público ou reservado a petición dos interesados, que o indicarán na solicitude.

3. Efectos xurídicos.—As cerimonias terán os efectos xurídicos derivados da propia natureza do acto. A inscrición no libro rexistro municipal de cerimonias civís unicamente terá efectos de simple constancia.

IV.-REXISTRO MUNICIPAL DE CERIMONIAS CIVÍS

1. Para o rexistro e constancia das cerimonias civís nas que colabore, e participe o Concello de Vila de Cruces créase o rexistro municipal de cerimonias civís.

2. O Rexistro ten carácter público e o seu acceso rexerase polo establecido na Lei 30/1994, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común e demais normativa aplicable. O rexistro é único con separatas independentes para cada tipo de cerimonia.

O tratamento automatizado dos datos que consten no rexistro requirirá o consentimento das



persoas interesadas ou de quen ostente a patria potestade do infante. En todo caso estarase ao establecido na Lei Orgánica 15/1999 de 13 novembro de protección de datos de carácter persoal e a normativa de desenvolvemento.

3. A inscrición neste rexistro non ten en ningún caso a cualificación xurídica de acto e unicamente ten validez como constancia administrativa da cerimonia civil solicitada polos veciños /as de Vila de Cruces e organizados polo Concello.

4. Nos asentos figurarán os datos persoais dos/as solicitantes e dos/as participantes do acto.

5. O rexistro de cerimonia civil custodiarase pola secretaria Xeral que dará fe das inscricións.

6. Calquera cerimonia civil poderá ser presidada por un/ha concelleiro/a en quen delegue a alcaldía.

V.-PROCEDIMENTO DE SOLICITUDE

Os cidadáns/as de Vila de Cruces que desexen celebrar unha cerimonia civil en base ao establecido no presente Regulamento efectúase de acordo coas normas seguintes:

1. Solicitud dirixida á alcaldía, no que consten os datos dos petionarios e o seu carácter, así como local polo que se opta. Deberá presentarse coa antelación mínima de 1 mes á data de celebración proposta, excepto no caso de despedida civil para as que se establece un procedemento especial.
2. O impreso de solicitud recollerase nas oficinas xerais.
3. Concesión. As autorizacións e concesións para celebrar o acto e a decisión municipal de colaborar e participar, concederanse por orde escrita da data de presentación no Rexistro Xeral do Concello, o que outorgará o dereito de preferencia para a utilización do local en concreto e a data da cerimonia.
4. Órgano competente e prazo: a alcaldía, órgano competente, resolverá no prazo máximo de 15 días, excepto no caso de despedida da comunidade que resolverá no prazo máximo de 12 horas.

VI. CESIÓN DE USO DOS LOCAIS

1.—O Concello de Vila de Cruces, xunto coa aceptación de celebración da cerimonia civil solicitada concederá o uso do local ou instalación municipais solicitados polos interesados, na medida da dispoñibilidade dos mesmos.

A utilización dos espazos públicos municipais polos particulares terá o carácter de uso común especial.

O devandito uso para as cerimonia civil que se autoricen está suxeito ao pago da correspondente taxa, de acordo coa ordenanza correspondente.





A estes efectos, os interesados, na súa solicitude deben especificar a adecuación do local que solicite de acordo coas posibilidades de organización que teña establecido o Concello.

Locais dispoñibles Para a celebración das cerimonia civís poderase optar, polos solicitantes entre os lugares de celebración seguintes:

a) Calquera solicitado polo/a interesado/a, no caso de ser un local municipal verase supeditado a dispoñibilidade do Concello.

As ceremonias celebraranse a petición dos familiares; tendo en conta a dispoñibilidade dos locais municipais(no caso de celebrarse nalgún deles). Atenderase á orde cronolóxica das solicitudes, determinándose un máximo de media hora para cada cerimonia no caso de coincidir varias ao mesmo tempo (día e lugar).

Únicamente admítense adornos florais, requirindo autorización previa calquera outra decoración especial.

Os/As solicitantes do servizo serán responsables de calquera dano que puidese producirse como consecuencia da cerimonia e que sexa causa directa dos/as mesmos/as ou dos/as asistentes/asistentas.

Réxime Xurídico.—En todo o non previsto no presente regulamento estarase ao establecido na Lei de Bases de Réxime Local, na Lei 30/1992 e na ordenanza fiscal correspondente.

Disposición final.—O presente Regulamento será obxecto de enteira publicación no Boletín Oficial de Pontevedra e entrará en vigor unha vez publicado e transcurrido o prazo establecido no artigo 65.2 da Lei de Bases de Réxime Local.

O ALCALDE.
LUÍS CELSO TABOADA SÁNCHEZ.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE

